



DECRETO DE ALCALDÍA

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar a convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

ANTECEDENTES

No ano 2020 asínase a terceira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Rois para a participación na prevención e defensa contra incendios Forestais durante o ano 2021, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Este convenio ten por obxecto acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Rois no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos.

Unha das liñas deste convenio é a creación dunha brigada de cinco compoñentes para levar a cabo labores de vixilancia e tarefas de prevención, defensa e extinción de incendios durante os tres meses de campaña. Co fin de completar a brigada actual, conformada por 1 xefe de equipo, 1 peón condutor e 1 peón, cómpre contratar 2 peóns/peoas máis.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para a contratación en réxime de persoal laboral de dous peóns/peoas que integrarán a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do ano 2021.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Rois, na data da sinatura dixital

O alcalde

Ramón Tojo Lens

O secretario

Diego Losada Romero